

CRITERIOS DA COMISIÓN DE TOPONIMIA

En cumprimento do Decreto 132/1984, do 6 de setembro, que establece o procedemento para a fixación ou recuperación da toponimia galega, a Comisión de Toponimia emitiu ditame sobre todos os topónimos referidos a entidades de poboación. Os criterios seguidos na emisión dos ditames poden resumirse nos que enumeramos a continuación, que en xeral tamén foron seguidos para a representación escrita dos topónimos recollidos no Proxecto Toponimia de Galicia.

1. Para cada topónimo tívose en conta o uso vivo na fala. Nas formas que ofrecen variantes de distribución xeográfica, respectouse a variante local, independentemente das escollas da normativa morfolóxica e ortográfica. Así, segundo as áreas, o nomenclátor pode recoller: *Vilameán ou Vilameá; Vilarchán ou Vilarchao, Ramirás ou Ramirás, Gándara, Gandra ou Granda; Brea ou Vereá; Os Nabás ou Os Nabais; Sabarís ou Sabariz, Baldarís ou Baldariz, Chan, Chao ou Chá; O Pazo ou O Pazo; Corredoira ou Corredoura; Catadoiro ou Cataduiro; Agualevada, Augalevada; Viñoa, Viñó ou Viñoá, Nogueiroa, Nogueiró, Nogueirúa*, etc.
2. A forma escrita dos topónimos non reproduce a gheada. O seseo repródúcese cando está consolidado na tradición escrita (*Romarís, Sabarís, Arousa*), a menos que se trate de formas coincidentes co léxico común, como *A Cruz, O Cruceiro, A Foz*.
3. Cando o topónimo contén un apelativo ou termo do vocabulario común, na súa representación gráfica optouse pola grafía coincidente co galego estándar, que atende a criterios etimolóxicos: *Aciveiro, Covas, Covelo, Erbedeiro, A Ermida, Ribas, Ribeira, Levada, Vesada*, etc. Se para un mesmo lugar conviven dous nomes que son simples variantes fonéticas (*A Peroxa / A Proxa; Abelleira / Abilleira*), preferiuse a grafía máis etimolóxica ou conservadora, a que garda harmonía co resto da toponimia da mesma área ou a que permite as diferentes realizacións recollidas na fala.

Criterios da Comisión de Toponimia

4. Nalgunhas ocasións, a forma viva do topónimo e o peso da súa tradición escrita levaron a escoller variantes en contradición co criterio do apartado precedente, como ocorre nalgúns *A Rigueira*, *Avieira* ou *Cotros*, documentados historicamente con esas formas (e non as correspondentes *Regueira*, *Aveeira* ou *Cótaros*). A tradición gráfica tivo especial importancia na fixación da grafía de topónimos que non teñen correlación con apelativos do léxico común (*Lestrove*, *Trives*, *O Grove*, etc.), igualmente naqueles casos en que se contradí o criterio etimolóxico, sempre que a grafía tradicional non sexa debida a castelanismo ou deturpación castelanizante. Por esta razón, existen formas idénticas que teñen representación escrita diferente (*Saa* – *Sá*, *Cima de Vila* – *Cimadevila*, etc.), como sucede tamén noutros ámbitos lingüísticos e xeográficos.
5. Nos casos infrecuentes en que a única forma viva é unha deturpación castelanizante, a Comisión atívose ás documentacións antigas para recuperar a forma histórica (*Pobra*) ou, cando se trata de apelativos comúns, propuxo a regaleguización segundo a forma correspondente do galego estándar. Así, para *Iglesia*, cando non se documentou a forma galega esperada (*Eirexa*, *Eirexe*, *Airexe*, *Irexe* ou outras variantes) propúxose o común *Igrexa*; *Carretera* galeguizouse en *Estrada*; *Castillo* en *Castelo*; *Capilla* en *Capela*, etc.
6. En topónimos opacos, de etimoloxía escura, dubidosa ou controvertida, optouse en xeral pola grafía habitual na tradición escrita ou máis arraigada no uso actual, sempre que non constituía castelanismo. É o caso de *Cerponzóns*, *Darbo*, *Herbón*, *Hervés*, *Triabá*, etc.
7. Considerouse que os artigos son parte integrante do topónimo, polo que se tivo especial coidado en verificar o seu uso na fala e oficializalo nos casos en que efectivamente está documentado: *A Coruña*, *A Laracha*, *A Lavacolla*, *A Pastoriza*, *As Somozas*, *O Carballiño*, *O Porriño*...
8. Os topónimos compostos que teñen un segundo elemento precedido de preposición oficializáronse con el, malia que a fala local empregue unicamente o primeiro elemento (*O Barco de Valdeorras*, *Malpica de Bergantiños*, *Monforte de Lemos*, *A Pobra do Caramiñal*, *Santiago de Compostela*, *Viana do Bolo*, *Vilagarcía de Arousa*, *Xinzo de Limia*...) ou o segundo (*Baños de Molgas*, *Porto do Son*...).

Nos compostos sen preposición, mantívose a denominación tradicional cando non responde a deturpación castelanizante o que non implica que se consideren incorrectas as formas abreviadas arraigadas na fala. Así, mantivéronse *Castro Caldelas*, *Campobecerras* e *Vila de Cruces* a pesar de que as formas vivas nas zonas correspondentes son *O Castro*, *Campos* e *As Cruces*.

Nalgúns casos, a Comisión decidiu manter dúas solucións alternativas cando as características administrativas do topónimo o permitían. Por exemplo, o concello é oficialmente *Vila de Cruces*, mentres que a parroquia correspondente man-

tén o nome popular: *As Cruces*. O mesmo ocorre co dobrete *Guntín* para o concello e *Guntín de Pallares* para a parroquia, ou co concello valdeorrés que ten por nome *A Rúa*, onde a parroquia foi oficializada como *A Rúa de Valdeorras*, coa vantaxe de que esta forma axuda a evitar o erro, moi común, de denominar esta entidade de poboación co nome inexistente de *A Rúa de Petín*, inducido polo rótulo da estación de ferrocarril, que atende a dúas localidades (A Rúa e Petín).

9. Nos casos de deglutinación da sílaba inicial dun topónimo interpretada como artigo, seguíronse os seguintes criterios: **a.** Respectouse a deglutinación se está consolidada na fala e na tradición escrita e o topónimo non é un termo do léxico común (*O Grove* < OCOBRE, *A Baña* < ABANIA e *O Incio* < ONICIO). **b.** Cando a forma deglutinada non está consolidada e hai vacilación, optouse por fixar o topónimo acomodado á forma etimolóxica (*Astrés*, *Oxén*...). **c.** En ocasións puideron aplicarse criterios diverxentes para formas iguais, en función do peso da tradición escrita de cada caso (*Agrela* / *A Grela* < AGRELLA, de AGRA; *Lugar da Riba* / *Lugar de Arriba*...).
10. A chamada segunda forma do artigo representouse segundo os criterios ortográficos e morfolóxicos do galego estándar: así, *Trala Pena*, *Tralasbouzas*, *Tralaveiga*, etc., pero *Betanzos o Vello* (a pesar de que na fala só se recolle /betán?lobello/).
11. Os topónimos que levan unha preposición inicial ditamináronse con ela xunta ou separada, segundo a tradición escrita de cada un: *Sobre a Igrexa*, *Sobrecarreira*, *Sobreosmuíños*, *Sobrepiñeiro*, *Sobrerriba*, *Sobrerribas*, *Tras da Feira*, *Trascastro*, *Tras do Monte*/*Trasdomonte*/*Trasmonte*. A preposición *so-/su-*, optouse por escribila sempre unida: *Socampo*, *Socastro*, *Socortes*, *Sorribas*, *Suagra*, *Suaermida*, *Suaigrexia*, *Sualomba*, *Suapena*, *Suaschousas*, *Suasviñas*, *Sucamiño*, *Sucarreira*, etc. Só en casos excepcionais se escribiu separada (como en *Su a Agra*, para manter o topónimo como cuadr sílaba, tal como se recolleu na fala).
12. Nos nomes das parroquias, os ditames manteñen a información referida ás advocacións relixiosas. Estas son tamén formas históricas, que precisaron dunha fixación na súa forma galega auténtica, e non poucas veces cumpren a función de distinguir parroquias con igual denominación. Outras veces, a advocación, incorporada ao nome da parroquia para diferenciar parroquias contiguas co mesmo nome, debe considerarse xa topónimo (haxiotopónimo) e adoita utilizarse localmente sen a forma que inicialmente acompañaba (*San Mamede [de Ribadulla]*; *Santa Comba [de Carnota]*; *Santa Cristina [de Fecha]*; *Santalla [de Agrón]*...). Con todo, agás nestes casos, no uso civil as parroquias non teñen por que denominarse coa advocación correspondente.